

CRÓNICA DA PRESENTACIÓN DO LIBRO *BALADA DE LOS MARES DEL NORTE*,
DE URBANO LUGRÍS, EN LIBROURO-VIGO, O 29 DE OUTUBRO DE 2008

[PUBLICADA POR HENRIQUE ALVARELLOS
NO XORNAL *GALICIA HOXE* O 4 DE NOVIEMBRO]

Azul patinir con Vigo ao fondo



Ferrín, María Inés, Olivia e Alvarellos, en Libroouro.

As cores, no devalo

No “Decálogo do galego” do libro *Os Grouchos*, publicado por Manuel Rivas o pasado xuño (Edicións Xerais), escribe o autor no primeiro –chamémoslle– mandamento: “O que lle fai falta a este país é unha man de pintura coas cores das dornas e un azul patinir”. É mércores noite, derradeiro de outubro, e hoxe vivín en Vigo unha velada en azul patinir, esa cor pola que teimou toda a súa vida o pintor Urbano Lugrís (é unha cor cuxas orixes plásticas viaxan ata o século XVI, e o seu mentor, o artista flamenco Xaquín Patinir). Hoxe, como digo, en Vigo, presentamos un libro cos escritos de Lugrís. E xa cando iamos achegándonos á cidade pola ponte de Rande (contra as seis da tarde), todo facía prever, con esas cores no devalo e a calma das bateas, que o día ía ser memorable. Dende a ponte, ao aollar ao oeste, a balada dos mares xa facía comprendelo todo.



Rúa Sempre en Galiza, 4 (praza int.)
15706 Santiago de Compostela
Tel+ fax: + 34 981 52 21 37 + 34 609 90 88 52
correo@alvarellos.info
www.alvarellos.info

Os libros pintados

O acto transcorriu en Librouro, e alí, o azul está pendurado no último andar, ao fondo, enorme; un cadro de Lugrís datado en 1970 (nos anos derradeiros do pintor, pois faleceu tres despois) que preside as pías dos últimos libros ancorados (na imaxe, o lenzo). O apelido Patiño sabe moito do azul patinir. Xurxo, un dos fillos de Antón Patiño, rexe hoxe unha librería que desexamos navegue con forza entre brumas e luscofoscas. El é que nos leva ao alto do local e nos descubre o lenzo que é unha fiestra ao alén.



Lenzo de Lugo exposto no último andar de Librouro.

De Lugo, do Lugo escritor, faláron Olivia “Tudela” e Méndez Ferrín. E a rapsoda María Inés Cuadrado deu vida a algún dos seus textos. “Lugo escribía como pintaba –afirma aos presentes a profesora Olivia Rodríguez, quen fixo, por vez primeira, a edición crítica duns escritos esquecidos–. Un poeta neobarroco, un escritor pleno de referencias cultas, un ensaísta tremendamente orixinal”. O mundo onírico de Lugo é o mundo “dos soños da vixilia”, di Olivia. Ao seu carón, Ferrín. As súas palabras foron certas sentenzas dun tempo ido, difícil, crucial: “Lugo –dixo– foi o transmisor dunha cultura naufragada: a cultura republicana e nacionalista. El era consciente disto”. E continuou: “Como poeta, triunfa por K.O. ‘La balada del puerto de Os’ é un dos mellores poemas oníricos, en versos brancos, que un poida ter lido. (...) Todos estes textos seus están ancorados na realidade galega malia estaren escritos, moitos deles, en castelán”.

A cantina atrapada no espazo

A velada literaria foi un lenzo que nos transportou a eses “soños da vixilia”, soños en cores que crearon polifonía na voz de María Inés Cuadrado. E a sobremesa levounos –pois non podía ser a outro lugar– á Taberna de Eligio,



alvarellos

EDITORA

recanto de historia, tinto rioja, pedra e arte, pé da mesa onde Lugrís conversaba, recitaba e tamén fuxía do hostil do mar. E alí, nós, mailos poetas Vidal Villaverde e Anxo Angueira e o editor Gonzalo Vázquez Pozo.



Fóra quedaba, coma sempre, un Vigo contradictorio, ás veces mesmo ferinte, aberto de novo en canal polas obras doutro subterráneo. E a histórica Taberna, atrapada non só no tempo senón tamén, e máis aínda, aí!, no espazo. Agora foi violentada polo insultante edificio que será a sede do colexio de arquitectos, que lle preme no peito e lle quita o osíxeno todo. Menos mal que, dentro, lonxe na mente esta grisalla, nós puidemos aínda evocar, soñar, por un intre, con azuis patinir no vigo dos tons fuxidíos...



Rúa Sempre en Galiza, 4 (praza int.)
15706 Santiago de Compostela
Tel+ fax: + 34 981 52 21 37 + 34 609 90 88 52
correo@alvarellos.info
www.alvarellos.info